

CONVOCATORIA DE PROXECTOS “EXPLORA CIENCIA” E “EXPLORA TECNOLOXÍA” DO PROGRAMA ESTATAL DE FOMENTO DA INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA E TÉCNICA DE EXCELENCIA ANO 2017

O día 5 de outubro publicouse no BOE a [Convocatoria de Axudas de “Proxectos Explora Ciencia” e “Explora Tecnoloxía”](#) correspondentes ao Programa Estatal de Fomento da Investigación Científica e Técnica de Excelencia, Subprograma Estatal de Xeración de Coñecemento no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e da Innovación 2013-2016.

FINALIDADE DA CONVOCATORIA:

Esta actuación ten por obxecto promover a execución de proxectos de investigación básica ou tecnolóxica, cuxos resultados poidan chegar a representar un avance significativo do coñecemento, mediante o prantexamento e desenvolvemento de novos enfoques ou metodoloxías inalcanzables doutro modo e que pola natureza dos coñecementos xerados, puideran ter un marcado carácter transversal. Por elo, os proxectos Explora han sido deseñados para financiar a exploración de ideas heterodoxas e radicalmente innovadoras.

As axudas estarán destinadas a financiar os gastos de persoal, pequeno equipamento, materiais e outros gastos relacionados cos obxectivos do proxecto.

FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZOS DE PRESENTACIÓN

As solicitudes presentaranse electrónicamente a través da aplicación de solicitude. O investigador principal cumprimentará o formulario electrónico e aportará os documentos esixidos na convocatoria. Unha vez cumprimentada a solicitude o investigador principal a validará e enviará telepaticamente. Seguidamente, imprimirá o documento que xera a aplicación e coas firmas orixinais do investigador principal e resto dos compoñentes do equipo de investigación, presentaranse na Oficina de Investigación e Tecnoloxía (Santiago/Lugo).

PRAZOS DE PRESENTACIÓN

O prazo para elevar a definitiva unha solicitude na aplicación do Ministerio remata o 21 de novembro as 15:00 horas.

Os Investigadores deberán presentar as solicitudes na Oficina de Investigación e Tecnoloxía antes das 10 horas do día 20 de novembro para que o Representante Legal as poida asinar electrónicamente.

SOLICITUDE DE COMPROMISO DE MANTEMENTO DA VINCULACIÓN DURANTE A EXECUCIÓN DO PROXECTO

- O Investigador Principal e os membros do equipo de investigación teñen que ter vinculación coa USC, pola duración total do proxecto.

Sen contar coa autorización da Vicerreitoría de Investigación Innovación NON se poderá incluír como IP ou como membro do equipo de investigación a ningún investigador que non teña vinculación pola duración total do proxecto.

Si nalgún proxecto se inclúe ao investigador principal ou a algún membro do equipo de investigación, sen vinculación pola duración total do proxecto, sen contar coa a autorización por parte desta Vicerreitoría, a USC se reserva o dereito de RENUNCIAR a dito proxecto.

Cando se prantexe esta situación recomendase que a duración dos proxectos se axuste ao período de vinculación dos investigadores coa USC.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Deberase presentar a seguinte documentación:

- a) Formulario de solicitude.
- b) Memoria científico-técnica do proxecto obxecto de solicitude que se presentará nos modelos normalizados dispoñibles na páxina web da Axencia debendo respectarse o contido, extensión e formatos indicados na Convocatoria. Presentarase en inglés ou en español, con letra ***Times New Roman ou Arial dun tamaño mínimo de 11 puntos, marxes laterais de 2,5 cm; marxes superior e inferior de 1,5 cm, espazado mínimo sinxelo.*** Os apartados A e B da memoria científico-técnica deberán cumprimentarse obrigatoriamente, con independencia de que o contido dos apartados figure tamén no formulario de solicitude da axuda. O apartado C (documento científico) terá unha extensión máxima de 10 páxinas.
- c) Currículo vitae abreviado (CVA) do investigador principal .O CVA realizarase no modelo normalizado dispoñible na web da axencia e presentarse en inglés ou en español, ***con letra Times New Roman ou Arial dun tamaño mínimo de 11 puntos; marxes laterais de 2,5 cm, marxes superior e inferior de 1,5 cm; e espazado mínimo sinxelo. Terá unha extensión máxima de 4 páxinas.***

Tamén será válido o CVA que se xera de xeito automático dende a aplicación “*currículo vitae*” normalizado dispoñible na web da FECYT, empregando a opción de xene ración de currículo abreviado.

Non se admitirán CVA con anexos ou outra información unha vez superada a extensión de 4 páxinas.

O investigador principal deberá achegar en la aplicación, segundo as características do proxectos presentados, os seguintes documentos:

1. **Currículo vitae abreviado (cva)** de todos os compoñentes do equipo de investigación. Realizarase no modelo normalizado dispoñible na web do AXENCIA. Presentarase en inglés ou español, **con letra Times New Roman ou Arial dun tamaño mínimo de 11 puntos, marxes laterais de 2,5 cm, marxes superior e inferior de 1,5 cm, espazado mínimo sinxelo. Terá unha extensión máxima de 4 páxinas.**

Tamén será válido o CVA que se xera de xeito automático dende a aplicación “currículo vitae” normalizado dispoñible na web da FECYT utilizando a opción de xene ración de Currículo abreviado.

2. Cando proceda, documento acreditativo de ter superado procedemento público de selección segundo o previsto no artigo 6.5.d)

3. Cando o investigador principal pertenza a unha entidade distinta da solicitante, deberá axuntar autorización da entidade a que está vinculado o Investigador. Dita autorización presentarase no modelo normalizado dispoñible na páxina web da Axencia.

COMITÉ DE BIOÉTICA

A realización dos proxectos obxecto destas axudas deberán aterse ao establecido nos principios internacionais e na normativa vixente en materia de bioética, experimentación animal, bioseguridade, seguridade biolóxica, protección do medioambiente, patrimonio natural e biodiversidade e protección de datos.

No caso de proxectos que impliquen investigación en humanos, ou a utilización de mostras de orixe humano, ou que impliquen especificamente a utilización de células e tecidos de orixe embrionario humano, deberá solicitarse o correspondente informe a:

Comité Ético de investigación clínica de Galicia

Telf. 881546425

e-mail ceic@sergas.es

No caso de proxectos que impliquen, experimentación animal, utilización de organismos modificados xenética mente ou axentes biolóxicos de risco para a saúde ou o medio ambiente, deberá enviar ao enderezo electrónico : comite.bioetica@usc.es a seguinte documentación

Solicitud de informe:

<http://imaisd.usc.es/seccion.asp?i=gl&s=-2-26-229>

Á vista desta documentación o comité emitirá o correspondente informe.

Estes informes deben ser solicitados unha vez que o ministerio publique as resolucións provisionais de concesión.



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN
Oficina de Investigación e Tecnoloxía
Sección de Convocatorias e Recursos Humanos
de I+D
Edificio CACTUS – Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
Tel. 881816201
Correo electrónico: cittinfo@usc.es

CONSULTAS

Para consultar calquera dúbida sobre a convocatoria poderá poñerse en contacto:

MINISTERIO : - correo electrónico no enderezo : explora.solicitud@aei.gob.es

OIT: Extensións 16265, 16217

Indícanse a continuación algúns datos de interese necesarios para cumprimentar a solicitude.

CIF da USC Q 1518001-A
Representante legal..... Isabel Rodríguez-Moldes Rey
Teléfono..... 881811000 16201
Telefax..... 881816203
Correo electrónico.....cittinfo@usc.es
Dirección:.....Edificio Cactus, Campus Vida
Código Postal.....15782 Santiago

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación quere agradecer a todos os investigadores a súa colaboración neste proceso.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

A Vicerreitora de Investigación e Innovación